

NOVIDADES DA MEDIDA NO EIDO LABORAL

A seguintes son medidas que estarán vixentes mentres se manteña a situación extraordinaria derivada do COVID-19.

As medidas prevista supeditanse ao compromiso das empresas manter o emprego durante o prazo de 6 meses dende a data de reanimación da actividade.

ADAPTACIÓN DO HORARIO E REDUCIÓN DE XORNADA

- Establécese o dereito dos traballadores e traballadoras por conta allea que acrediten deberes de coidado respecto a cónxuxe ou parella de feito e a persoas dependentes polas circunstancias excepcionais a acceder á adaptación ou redución da súa xornada, coa consecuente diminución proporcional do salario.
- Ten dereito á adaptación ou redución, as persoas que teñen relación coa atención ao cónxuxe, parella de feito e familiares por consanguinidade ata o 2º grao que:
 - Por razóns de idade, enfermidade ou discapacidade, necesite de coidado persoal e directo como consecuencia directa do COVID-19.
 - Cando por decisións das Autoridades que impliquen peche de centros educativos ou de calquera outra natureza que dispensasen coidado ou atención á persoa necesitada dos mesmos, necesiten tal coidado.
 - Cando a persoa que ata o momento encargouse do coidado ou asistencia directos de cónxuxe ou familiar ata segundo grao da persoa traballadora non puidese seguir facéndoo por causas xustificadas relacionadas co COVID-19.
- Os conflitos que puidesen xerarse pola aplicación do presente artigo serán resoltos pola xurisdición social a través do procedemento establecido no artigo 139 LRJS.
- Autorízase a aquelas persoas que gozan dunha adaptación ou redución de xornada que renuncien temporalmente a ela e que modifiquen os termos do desfrute sempre que concorran circunstancias excepcionais.

OS ERTES POR FORZA MAIOR

1.- Concrétase o concepto de **FORZA MAIOR**.-

Así serán a consideración de forza maior as suspensións e reducións de xornada que teñan CAUSA DIRECTA en perdas de actividade como consecuencia do COVID-19, incluída a declaración de estado de alarma, que impliquen:

- Suspensión ou cancelación de actividades
- Peche temporal de locais de afluencia pública
- Restricións no transporte público e, en xeral, da mobilidade das persoas ou das mercadorías,
- Falta de subministracións que impidan gravemente continuar a actividade
- Situacións urxentes e extraordinarias derivadas do contaxio do persoal ou a adopción de medias de illamento preventivo decretados pola autoridade sanitaria.

2.- Simplifícase o **procedemento**:

- A. Solicitudade pola empresa á autoridade laboral con remisión de informe relativo a vinculación da perda de actividade como consecuencia do COVID-19, acompañada da documentación acreditativa.
- B. A empresa deberá comunicar a súa solicitudade ás persoas traballadoras e, dar copia do informe e documentación acreditativa, caso de existir, á RLT (non se negocia)
- C. Emisión POTESTATIVO de informe pola Inspección de traballo en 5 días. Tal informe non é obrigatorio. (antes era obrigatorio)
- D. A resolución da autoridade laboral será expedida no prazo improrrogable de 5 días.
- E. A resolución terá efectos desde a data do feito causante da forza maior.

3.- Establécese unha **exoneración de cotas ás empresas**:

- a.- O 100 % en empresas de menos de 50 traballadores e traballadoras.
- b.- O 75 % as de 50 ou máis traballadores e traballadoras.

OS ERTES POR CAUSAS ECONÓMICAS, TÉCNICAS, ORGANIZATIVAS OU DE PRODUCCIÓN

Novidades na tramitación:

•Respecto da Comisión representativa:

- Se non existe na empresa RRLTT, a Comisión representante estará formada por:

- ✓ Os Sindicatos máis representativos e representativos do sector ao que pertenza a empresa e con lexitimación para formar parte da Comisión negociadora do Convenio que tomarán as decisións

polas maiorías representativas; -A empresa debe dirixirse aos Sindicatos con carácter preferente.

- De non conformarse a citada Comisión, integrarase por 3 traballadores ou traballadoras. da empresa elixidos entre os mesmos.
- En calquera caso, comisión debe estar constituída no prazo de 5 días (reducese en dous días).
- O período de consultas reducese a 7 días.
- O informe da Inspección de Traballo -de solicitude potestativa-, debe ser emitido no prazo improrrogable de 7 días .

PROTECCIÓN POR DESEMPREGO: SERÁ A CARGO DO ESTADO

- Aplícanse aos traballadores e traballadoras cuxa relación laboral ou societaria fose anterior ao 18/03/2020.
- Se **universaliza** a protección. Recoñecerase ás persoas afectadas, aínda que **NON TEÑAN PERÍODO DE CARENIA**.
- **NON SE COMPUTA** como consumida a prestación percibida por esta causa nin se descontará da que tivese xa recoñecida anteriormente e que estea en suspenso.
- Recoñecerase tamén as persoas socias traballadoras de cooperativistas de traballo asociado e de Sociedades laborais.
- Dada a situación existente, aínda que se presente a solicitude máis tarde dos 15 días, non procederá declarar como consumidos eses días.
- Autorízase á entidade xestora a prorrogar de oficio o dereito ao subsidio por desemprego que estea suxeito a prórrogas semestrais.
- Autorízase á entidade xestora a suspender á obrigación de presentación da declaración anual as persoas beneficiarias do subsidio para maiores de 52 anos.
- As persoas fixas descontínuas parece que poden ser suspendidos de e actividade e recoñécenlles un total de 90 días de prestación máxima de reposición de prestacións cando volvan atoparse en desemprego.

PRESTACION POR CESAMENTO DE ACTIVIDADE PARA AUTÓNOMOS

1. Vixencia: 1 mes desde a declaración do estado de Alarma ou ata que o último día do mes en que finalice, de prolongarse este máis de 1 mes.

2.- Destinatarios:

- * **Todos os Autónomos**, incluídos traballadores e traballadoras de Cooperativas de traballo asociado que optasen por ser encadrado neste réxime e que, ademais:
 - * Cuxas actividades queden suspendidas polo estado de alarma (as do anexo).
 - * Cuxa facturación no mes anterior á solicitude da prestación véxase reducida en polo menos un 75% en relación coa media de facturación do semestre anterior.

3.- Requisitos:

- * Estar en alta o 14.03.20 no Réxime correspondente .
- * Se é por descenso de facturación (que terá que ser de polo menos dun 75% en relación coa efectuada no semestre anterior), acreditalo.
- * Acharse ao corrente o pago das cotas; se non se está procederá o mecanismo de invitación ao pago no prazo improrrobable de 30 días.

4.- Contía:

- * O 70 % da base reguladora (media das bases dos últimos 12 meses)
 - * Se non ten período de carencia: 70 % da base mínima de cotización para traballadores e traballadoras autónomas.

5.- Duración:

- * 1 mes, ampliable ata o último día do mes en que finalice o estado de alarma.

6.- SUSPENSIÓN NON ABONO DE COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PARA FALICITAR O TELETRABALLO

- Autorízase a autoavaliación de riscos por parte da persoa traballadora (esixida na LPRL) con carácter excepcional para poder realizar teletraballo.